

2022
2023



FORMACIÓN
PROFESIONAL



o futuro
nas túas mans



Familia profesional

Servizos
socioculturais
e á comunidade



XUNTA
DE GALICIA

CM Atención a persoas en situación de dependencia

Ciclo formativo de grao medio Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

En que ámbitos se traballa? No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Que ocupacións se desempeñan? Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica, xerocultor/ora, gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en Institucións, auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, auxiliar de axuda a domicilio, asistente de atención domiciliaria, traballador/ora familiar, auxiliar de educación especial, asistente persoal, teleoperador/ora de teleasistencia.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|-------|--------|--|-------|
| 1º | MP0215 | Apoio domiciliario | 240 |
| 1º | MP0213 | Atención e apoio psicosocial | 240 |
| 1º | MP0216 | Atención sanitaria | 213 |
| 1º | MP0212 | Características e necesidades das persoas en situación de dependencia | 160 |
| 1º | MP0218 | Formación e orientación laboral | 107 |
| 2º | MP0214 | Apoio á comunicación | 87 |
| 2º | MP0217 | Atención hixiénica | 87 |
| 2º | MP0211 | Destrezas sociais | 123 |
| 2º | MP0219 | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 |
| 2º | MP0220 | Formación en centros de traballo | 410 |
| 2º | MP0210 | Organización da atención ás persoas en situación de dependencia | 123 |
| 2º | MP0020 | Primeiros auxilios | 53 |
| 2º | MP0831 | Teleasistencia | 104 |

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Atención a persoas en situación de dependencia.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

| Módulos profesionais superados | | Unidades de competencia acreditables |
|--------------------------------|--|--|
| MP0210 | Organización da atención ás persoas en situación de dependencia. | UC1016_2 Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar. |
| MP0216 | Atención sanitaria. | UC0249_2 Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. |
| MP0217 | Atención hixiénica. | UC1017_2 Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. UC1018_2 Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. |
| MP0213 | Atención e apoio psicosocial. | UC0250_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. |
| MP0214 | Apoio á comunicación. | UC1019_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. |
| MP0215 | Apoio domiciliario. | UC0251_2 Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial. |
| MP0831 | Teleasistencia. | UC1423_2 Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia. UC1424_2 Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia. UC1425_2 Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia. |

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

| Unidades de competencia acreditadas | | Módulos profesionais validables | |
|-------------------------------------|---|---------------------------------|--|
| UC1016_2 | Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar. | MP0210 | Organización da atención ás persoas en situación de dependencia. |
| UC0249_2 | Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. | MP0216 | Atención sanitaria. |
| UC1017_2 | Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. | MP0217 | Atención hixiénica. |
| UC1018_2 | Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. | | |
| UC0250_2 | Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. | MP0213 | Atención e apoio psicosocial. |
| UC1019_2 | Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. | MP0214 | Apoio á comunicación. |
| UC0251_2 | Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial. | MP0215 | Apoio domiciliario. |
| UC1423_2 | Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia. | MP0831 | Teleasistencia. |
| UC1424_2 | Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia. | | |
| UC1425_2 | Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia. | | |



Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional:
www.edu.xunta.gal/fp

Síguenos en:

 facebook.com/fpgalicia

 twitter.com/fpgalicia

 instagram.com/fpgalicia

#FPGalicia
#FPDualGalicia
@fpgalicia

Departamentos de orientación dos centros educativos

**Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades**

Dirección Xeral de Formación Profesional

Edificio administrativo de San Caetano

Santiago de Compostela

sxfp@edu.xunta.gal

